

Disposición derradeira terceira. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habílase o Goberno para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución do disposto nesta lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

No obstante o anterior, o contido do capítulo III será obrigatorio para os exercicios anuais que se inicien a partir da entrada en vigor desta lei.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 3 de abril de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

ANEXO

Este anexo contén a relación de empresas cuxas actividades corresponden á sección D, concretamente, da subsección DA ata, e incluíndo, a subsección DN da nomenclatura estatística de actividades económicas na Comunidade Europea (rev. 1).

1. Industrias da alimentación, bebidas e tabaco.
2. Industria téxtil e da confección.
3. Industria do coiro e do calzado.
4. Industria da madeira e da cortiza.
5. Industria do papel, edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados.
6. Coquerías, refinación de petróleo e tratamento de combustibles nucleares.
7. Industria química.
8. Industria da transformación do caucho e materias plásticas.
9. Industria doutros produtos minerais non metálicos.
10. Metalurxia e fabricación de produtos metálicos.
11. Industria da construción de maquinaria e equipamento mecánico.
12. Industria de material e equipamento eléctrico, electrónico e óptico.
13. Fabricación de material de transporte.
14. Industrias manufactureiras diversas.

7108 LEI 5/2007, do 3 de abril, da Rede de Parques Nacionais. («BOE» 81, do 4-4-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Esta lei ten por obxecto establecer o réxime xurídico básico da Rede de Parques Nacionais, cuxos obxectivos

se declaran de interese xeral do Estado, no marco do disposto nos artigos 45 e 149.1.23 da Constitución.

A Rede de Parques Nacionais defínese como un sistema dirixido a integrar a mostra máis representativa do conxunto de sistemas naturais españois, dando lugar a un todo que debe ser a síntese do mellor patrimonio natural español, para o seu legado no mellor estado de conservación posible ás xeracións vindeiras. Os elementos básicos da Rede son os espazos declarados parques nacionais, seleccionados por seren representantes significativos dos ecosistemas característicos do máis valioso do patrimonio natural español, polo que a súa conservación merece atención prioritaria e debe ser declarada de interese xeral do Estado.

Os parques nacionais deben destacar polo seu alto valor ecolóxico e cultural, pola beleza das súas paisaxes, ou pola singularidade da súa flora, da súa fauna, da súa xeoloxía ou das súas formacións xeomorfolóxicas, de modo que se poidan considerar como bos representantes del, ou dos sistemas naturais correspondentes.

A declaración dun novo parque nacional terá, como obxectivo primordial, axudar a completar a representatividade dos sistemas naturais no conxunto da Rede, o que obriga a que, previamente á declaración dun novo parque nacional, se proceda a unha avaliación do grao en que o territorio proposto como tal representa realmente de forma significativa o sistema natural e os valores que se deben integrar na Rede. Para iso exíxese que o espazo proposto sexa altamente representativo en canto á tipoloxía de especies e características naturais, dalgún ou dalgúns dos sistemas naturais españois que se particularizan no anexo desta lei, contando cunha proporción significativa das especies e comunidades representativas deles, ou daquelas máis ameazadas en España, así como capacidade territorial e ecolóxica para garantirles a estas especies e comunidades un estado de conservación favorable. Para facer viable estes procesos establécense unha serie de exixencias, como que teña unha superficie continua e non fragmentada suficiente ocupada por formacións naturais, ou que non poida existir solo urbanizado nin susceptible de transformación urbanística, co obxectivo de que sexa viable a súa evolución natural, sen ou con escasa intervención humana.

O interese xeral do Estado en que a Rede constituía unha mostra completa dos principais sistemas naturais españois que poida ser legada ás xeracións vindeiras exixe que na iniciativa para a declaración se priorice a inclusión de sistemas naturais aínda non representados. Esta iniciativa correspóndelles ás comunidades autónomas ou ao Goberno da Nación, logo do acordo favorable das asembleas lexislativas das comunidades autónomas que acheguen territorio ao parque nacional. A declaración dun parque nacional para a súa integración na Rede de Parques Nacionais farase por lei das Cortes Xerais.

Complementariamente, a natureza e as características dos obxectivos perseguidos exixen que a proposta dun novo parque nacional reúna as garantías correspondentes de transparencia e de participación pública, polo que se exixe que sexa sometida a trámite de información pública por un prazo mínimo de dous meses, incorporándose ao expediente as alegacións presentadas, e que sexa sometida a informe do Consello da Rede, previamente a que o ministro de Medio Ambiente a eleve ao Consello de Ministros.

Esta proposta, para asegurar a súa adecuación aos obxectivos da Rede de Parques Nacionais, debe incluír a denominación do parque, os obxectivos conservacionistas que son de interese xeral do Estado para o parque previsto, os límites propostos e a caracterización ambiental e socioeconómica do territorio afectado, xunto á análise científica e técnica demostrativa do cumprimento dos requisitos establecidos para os parques nacionais nesta lei; tamén debe incluír a avaliación dos usos actuais exis-

tentes no parque, e as consecuencias xurídicas e socioeconómicas sobre eles da súa declaración, para avaliar a súa viabilidade.

Aceptada a proposta, a lei de declaración do parque nacional incluíra os elementos daquela, destacando os obxectivos que debe cubrir o parque no conxunto da Rede, xunto á particularización do proceso transitorio que se seguirá no parque para adecuar o espazo proposto ás consecuencias xurídicas derivadas da declaración e ao cumprimento das directrices básicas incluídas no plan director, así como unha memoria económica coa previsión dos investimentos e dotacións necesarias para alcanzar estes obxectivos.

A declaración dun espazo marítimo ou terrestre como parque nacional só ten sentido se cumpre cos obxectivos de representación adecuada de sistemas naturais españois no conxunto da Rede. Por iso, o mantemento das características que lle dan este valor é primordial. Adicionalmente, non podemos esquecer que as características naturais presentan unha tremenda fragilidade e que a súa modificación é na maioría das ocasións irreversible. Isto lévanos a que o réxime xurídico de protección establecido nas leis declarativas teña que ter un carácter prevalente fronte a calquera outra normativa sectorial e que nelas se deban destacar as actividades prohibidas por non seren compatibles cos obxectivos da Rede de Parques Nacionais, e as medidas e prazos precisos para a súa eliminación, de existir no parque declarado; ou, excepcionalmente, se non se puidesen eliminar, as medidas precisas para a corrección dos seus efectos para facer o territorio compatible cos obxectivos da Rede.

No marco da súa finalidade primordial: garantir, como legado para as xeracións futuras, a conservación dunha mostra representativa dos principais sistemas naturais españois, a Rede debe asegurar un marco adecuado para a conservación dos parques nacionais pola vía da cooperación interadministrativa; esta, partindo, con carácter xeral, da competencia exclusiva das comunidades autónomas para a xestión, debe facilitar o cumprimento dos obxectivos de cada parque nacional no conxunto da Rede, tanto no ámbito técnico como social ou patrimonial, de maneira que se logren sinerxías nas accións promovidas no marco da Rede polas diferentes administracións públicas.

Desde a perspectiva da cooperación institucional para o logro dos obxectivos da Rede, o Ministerio de Medio Ambiente establecerá un programa específico para o desenvolvemento das actuacións comúns da Rede incluídas no plan director, desenvolvendo instrumentos de cooperación interadministrativa voluntaria para a consecución dos obxectivos de cada un dos parques nacionais e da Rede no seu conxunto, colaborando na aplicación dos mecanismos que establezan as respectivas leis declaratorias para a supresión dos usos declarados con carácter básico como incompatibles coa figura de parque nacional, e promovendo o incremento e consolidación do patrimonio público na Rede de Parques Nacionais.

A lei trata de asegurar para as xeracións futuras unha mostra representativa do principal patrimonio natural español, e declara como de interese xeral do estado cada un dos elementos (parques nacionais) que constitúen a Rede, obrigando a asegurar que os valores que xustificaron a súa declaración permanezan no tempo. Por iso é obrigado que se establezan mecanismos que permitan avaliar o grao de mantemento ou de mellora das condicións exixidas para a declaración de parque nacional e que, en caso extremo, se asegure que o recoñecemento internacional que teñen na actualidade a Rede de Parques Nacionais non sexa posto en perigo por situacións específicas que poidan afectar algún dos parques en particular. Para iso a lei establece a necesidade de que exista un seguimento e avaliación xeral do grao de cumprimento dos obxectivos da Rede e, en particular, do cumprimento

e grao de alcance dos obxectivos perseguidos polos parques nacionais, incluída a aplicación do plan director deles. Para este efecto establécese que, cada tres anos, o Ministerio de Medio Ambiente elaborará un informe de situación da Rede de Parques Nacionais que se elevará ao Senado e que se fará público. Este informe ira acompañado dun anexo coa situación en cada un dos parques nacionais elaborado pola súa administración xestora.

Como medida extrema incorpórase a perda da condición de parque nacional dos espazos naturais declarados como tales se se produce unha degradación significativa neste, mantida no tempo, afastándose do cumprimento dos obxectivos establecidos para este na Rede. A perda da condición de parque nacional dun territorio efectuarase por lei das Cortes Xerais, logo de audiencia do órgano que determinen as comunidades autónomas afectadas, e con informe favorable do Consello da Rede de Parques Nacionais. A perda da condición de parque nacional poderá unicamente fundamentarse na perda de representatividade do parque respecto aos obxectivos perseguidos para a Rede de Parques Nacionais, reflectida na non-adecuación, grave e mantida, ao establecido nos artigos 9 e 13 desta lei.

Non hai que esquecer neste sentido o recoñecemento internacional conseguido para os parques nacionais, que podería perigar se non houber unha adecuación constante das súas características aos seus obxectivos de cualificación, que manteñan o seu carácter modélico na planificación e xestión, a nivel internacional. En última instancia, a falta de representación adecuada do conxunto dos sistemas naturais españois nun dos parques sempre se pode solucionar coa declaración doutro espazo que reúna as condicións adecuadas para representar estes sistemas naturais afectados pola perda de condición de parque nacional.

Neste marco, e en consonancia coas sentenzas do Tribunal Constitucional, esta lei céntrase no establecemento dos criterios básicos para a salvagarda e mellora da Rede de Parques Nacionais de España, partindo de que a Rede, como sistema, ten unha natureza e obxectivos propios e precisa dun marco normativo básico e do sistema de relacións necesario para o seu funcionamento, que fagan viable o cumprimento dos citados obxectivos. Defínese para iso un modelo que integra tanto as disposicións básicas que se recollen nesta lei, como o resto de normativa básica xeral (directrices definidas nos contidos declarados constitucionais do vixente Plan Director da Rede) aplicables a todos os parques nacionais.

Estas disposicións afectan tanto a que as medidas de protección preventiva que establezan a comunidade ou comunidades autónomas implicadas, que entrarán en vigor coa adopción do acordo pola asemblea lexislativa da comunidade autónoma, para evitar actos sobre o espazo proposto que poidan chegar a facer imposible ou dificultar de forma importante a consecución dos obxectivos da declaración, como ao feito de que, tras a declaración, o solo incluído no parque nacional non poderá ser obxecto de ningún tipo de transformación non establecida no plan reitor de uso e xestión e en ningún caso poderá ser susceptible de urbanización ou edificación, ao se considerar solo non urbanizable de especial protección.

O Plan Director da Rede de Parques Nacionais debe definir os obxectivos estratéxicos da Rede e as directrices básicas xerais para a planificación e a conservación dos parques nacionais, así como a programación das actuacións que desenvolverá esta para alcanzalos, tanto en materia de cooperación e colaboración con outras administracións ou organismos, nacionais ou internacionais, como en materias comúns da Rede, ou na determinación dos proxectos de interese xeral que poderán ser obxecto de financiamento estatal. Igualmente debe incluír as actuacións necesarias para manter a imaxe e a coherencia interna da Rede, o seu

seguimento continuo e a avaliación anual do grao de cumprimento dos obxectivos establecidos.

Hai que destacar que, o mesmo que no resto dos procesos establecidos nesta lei, na elaboración e revisión do plan director exíxese un procedemento participativo e aberto, e a obriga do seu sometemento a avaliación ambiental, como garantía adicional de información e participación pública.

O Ministerio de Medio Ambiente será o encargado de formular a revisión e de adaptar ás sentenzas do Tribunal Constitucional e aos contidos desta lei, o Plan Director da Rede de Parques Nacionais vixente, incluíndo as directrices e criterios comúns para a xestión de valores cuxo significado para asegurar a representatividade dos elementos dos sistemas naturais españois no conxunto da Rede, exixa a súa conservación. A importancia desta conservación fai que ata que non se aprobe o novo Plan Director da Rede, esta lei manteña a vixencia do actual, naturalmente, no declarado constitucional polo Tribunal Constitucional.

En cada un dos parques nacionais as administracións competentes elaborarán e aprobarán un plan reitor de uso e xestión, axustado ao Plan Director da Rede de Parques Nacionais, que será o instrumento básico de planificación e neste procedemento de elaboración será preceptivo un proceso de participación pública, asegurando que, antes da súa aprobación, foi sometido a trámite de información pública e a informe do Padroado e do Consello da Rede.

A lei mantén o Consello da Rede como órgano colexiado de carácter consultivo, adscrito ao Ministerio de Medio Ambiente, con funcións de informar preceptivamente sobre todos os aspectos relevantes no cumprimento dos obxectivos da Rede e dos parques, así como sobre a súa planificación, criterios de distribución dos recursos financeiros para a Rede de Parques Nacionais que se poidan asignar nos orzamentos xerais do Estado, seguimento e avaliación do funcionamento da Rede, e proposta de declaración, modificación ou, se é o caso, de retirada da condición de parque nacional.

O Padroado defínese como o órgano de participación da sociedade nos parques nacionais. Constituirase un padroado en cada un deles, no cal estarán representadas a Administración xeral do Estado, a Administración da ou das comunidades autónomas que integren o parque e as administracións locais, así como aquelas institucións, asociacións e organizacións relacionadas co parque, ou cuxos fins concorden cos obxectivos desta lei. Os padroados dos parques nacionais estarán adscritos, para efectos administrativos, á comunidade autónoma onde estea situado o parque nacional. No caso de parques nacionais situados en varias comunidades autónomas, estarán adscritos na forma que estas acorden. No caso de parques nacionais de competencia estatal estarán adscritos á Administración xeral do Estado.

A Rede existente e as políticas españolas en materia de parques nacionais deben reforzar a imaxe e recoñecemento internacional obtidos, ampliando a súa proxección exterior e o papel internacional que estas posúen na actualidade. Para iso, o Ministerio de Medio Ambiente representará a España nas redes internacionais equivalentes, participando nas súas iniciativas, e establecendo mecanismos de cooperación internacional que permitan a proxección externa da Rede. Así mesmo, o ministerio deberá contribuír á implicación dos axentes sociais e á participación da sociedade na consecución dos obxectivos da Rede; igualmente deberá promover un mellor coñecemento científico en materias relacionadas cos parques nacionais e unha adecuada difusión da información dispoñible, así como contribuír, a través da súa liña de subvencións, ao financiamento das iniciativas de fomento do desenvolvemento sustentable que puidesen aprobar as administracións competentes nas áreas de influencia socioeconómica dos parques nacionais.

Os territorios que merecen a consideración de parques nacionais son un produto social no sentido de que son o resultado da interacción histórica da sociedade co territorio, con formas e intensidades que sofren unha continua transformación e que, nos tempos actuais, se desequilibraron en contra do mantemento do patrimonio natural máis valorable. En todo caso, a débeda coas xeracións precedentes recomenda que, na aplicación da eliminación de actividades que poñan en perigo os obxectivos da Rede, se lles dea preferencia aos acordos voluntarios para a adquisición dos dereitos afectados, e que xunto á delimitación do ámbito territorial da zona periférica de protección, e do seu réxime xurídico, e da área de influencia socioeconómica do parque, se consideren as medidas específicas que axuden a promover un desenvolvemento máis sustentable nestes ámbitos, que, en todo caso, deben ser compatibles co logro dos obxectivos da Rede. A Rede de Parques Nacionais debe asegurar a viabilidade da coexistencia entre os parques nacionais e o seu contorno, demostrando, co desenvolvemento de «boas prácticas», a achega que a existencia dos parques nacionais significa para o desenvolvemento sustentable do territorio da súa área de influencia. No caso de que o ámbito territorial dun parque nacional inclúa máis do 50% do solo non urbanizable dun termo municipal, excluídas deste cómputo as superficies de titularidade autonómica ou estatal, exíxese que a lei declarativa incorpore un programa de medidas específicas para promover o desenvolvemento no dito municipio, especificando o seu financiamento.

Desde a perspectiva e obxectivos sinalados, no título primeiro recóllense as disposicións xerais que afectan a definición do obxecto da lei e os deberes de conservación da Rede de Parques Nacionais polos poderes públicos, así como a súa obriga de fomentar a colaboración coa sociedade e a participación e información a ela sobre o logro dos obxectivos perseguidos para a Rede e para os parques nacionais. Igualmente recóllense as definicións asociadas á lei e, particularmente, a referida á área de influencia socioeconómica, cuxa delimitación precisa se remite ás leis declarativas de cada parque.

O título segundo dedícase á regulación da Rede de Parques Nacionais, e establece os seus obxectivos, aos cales xa se fixo referencia en parágrafos anteriores, as funcións asociadas ao Ministerio de Medio Ambiente para o cumprimento deses obxectivos, a estrutura, composición e obxectivos do Consello da Rede e a particularización do instrumento fundamental desta para alcanzar os seus obxectivos –o Plan Director da Rede de Parques Nacionais– cuxas características básicas xa foron sinaladas.

O título terceiro céntrase nos obxectivos que deben cubrir os parques nacionais no conxunto da Rede, os requisitos que deben cumprir para a súa declaración ou modificación de límites, o procedemento da dita declaración ou modificación, os contidos da proposta de declaración e a tramitación que se debe seguir, así como as medidas preventivas que aseguren o mantemento das condicións merecedoras da declaración ata o final da aprobación da lei correspondente. Igualmente recóllense os aspectos que se incluírán na lei de declaración, os efectos xurídicos da dita declaración no que atinxe, fundamentalmente, á utilidade pública ou interese social das actuacións que, para a consecución dos obxectivos dos parques nacionais, deban acometer as administracións públicas, ao dereito de tanteo e retracto, as actividades prohibidas por non ser compatibles cos obxectivos da Rede de Parques Nacionais, e as medidas e prazo precisos para a súa eliminación, de existiren no parque declarado, ou, excepcionalmente, se non se puidesen eliminar, as medidas precisas para a corrección dos seus efectos. Tamén se recollen as circunstancias en que se producirá a perda da condición de parque nacional para un territorio se este se aparta grave e reiteradamente dos requisitos establecidos para eles, así como o procedemento correspondente.

Capítulo á parte dentro deste título terceiro merece: a xestión dos parques nacionais, que corresponde de maneira íntegra ás comunidades autónomas en cuxos territorios estean situados, salvo no caso de parques nacionais declarados sobre augas mariñas baixo soberanía ou xurisdición nacional; as disposicións referentes aos plans reitores de uso e xestión, que se deben aprobar para todos e cada un dos parques nacionais, cuxo contido mínimo se regula nesta lei; os contidos básicos dos padroados como órgano de participación da sociedade nos parques nacionais, que debe informar preceptivamente sobre todos os aspectos ligados á xestión dos parques, e no cal estarán representadas as tres administracións, así como as institucións e asociacións cuxos fins estean vinculados ao parque nacional e ás organizacións conservacionistas. Tamén forman parte deste título terceiro a regulación das axudas técnicas, económicas e financeiras nas áreas de influencia socioeconómica dos parques nacionais que poden establecer as administracións públicas para promover o desenvolvemento sustentable nas súas áreas de influencia e a regulación do financiamento da xestión de cada parque nacional, do Consello da Rede, así como os instrumentos de cooperación financeira interadministrativa para asegurar o cumprimento dos obxectivos desta lei, e a aplicación das directrices básicas que se establezan no plan director.

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta lei ten por obxecto establecer o réxime xurídico básico da Rede de Parques Nacionais, cuxos obxectivos se declaran de interese xeral do Estado.

Artigo 2. *Deberes dos poderes públicos.*

Todos os poderes públicos e, en especial, as administracións públicas, nos seus respectivos ámbitos competenciais, velarán pola conservación da Rede de Parques Nacionais.

Con este obxectivo, fomentarán a colaboración coa sociedade e a participación desta no logro dos obxectivos da Rede e de cada parque nacional, e garantirán o acceso á información dispoñible nesta materia, así como a divulgación dos datos que se consideren de interese público.

Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos do establecido nesta lei entenderase por:

a) Parques nacionais: espazos naturais de alto valor ecolóxico e cultural, pouco transformados pola explotación ou actividade humana que, en razón da beleza das súas paisaxes, a representatividade dos seus ecosistemas ou a singularidade da súa flora, da súa fauna, da súa xeoloxía ou das súas formacións xeomorfolóxicas, posúen uns valores ecolóxicos, estéticos, culturais, educativos e científicos destacados cuxa conservación merece unha atención preferente e declárase de interese xeral do Estado.

b) Zona periférica de protección: é o espazo marítimo ou terrestre exterior, continuo e estremeiro a un parque nacional, dotado dun réxime xurídico propio destinado a proxectar os valores do parque no seu contorno e a amortecer os impactos ecolóxicos ou paisaxísticos procedentes do exterior sobre o interior do parque nacional.

c) Área de influencia socioeconómica dun parque nacional: territorio constituído polos termos municipais que achegan terreo a este ou á súa zona periférica de pro-

tección, así como, excepcionalmente, sempre que haxa causas obxectivas que os definan, por outros directamente relacionados, cando así se considere nas leis declarativas, nos cales as administracións públicas levarán a cabo políticas activas para o seu desenvolvemento.

d) Rede de parques nacionais: sistema integrado tanto por aqueles espazos declarados parques nacionais, que constitúen a representación máis singular e valiosa dos mellores espazos naturais característicos do patrimonio natural español, como polo seu marco normativo básico e o sistema de relacións necesario para o seu funcionamento.

e) Sistema natural: conxunto de elementos e procesos, biolóxicos, xeolóxicos e climáticos interdependentes que, como resultado da libre evolución sobre un territorio, caracterizan a súa ecoloxía e a súa paisaxe ata definir un escenario propio, recoñecible e singularizable.

TÍTULO II

A Rede de Parques Nacionais

Artigo 4. *Obxectivos da Rede.*

No marco da súa finalidade primordial de garantir, como legado para as xeracións futuras, a conservación dunha mostra representativa dos principais sistemas naturais españois sinalados no anexo desta lei, os obxectivos da Rede de Parques Nacionais son:

a) Formar un sistema completo e representativo dos ditos sistemas naturais.

b) Asegurar un marco adecuado para a conservación dos sistemas naturais, baseado na coordinación e na cooperación interadministrativa.

c) Colaborar no cumprimento dos obxectivos dos parques nacionais, tanto no ámbito técnico como social ou patrimonial.

d) Alcanzar sinerxías nas accións promovidas no marco da Rede polas diferentes administracións públicas.

e) Cooperar, na área de influencia socioeconómica dos parques nacionais, na implantación de modelos de desenvolvemento sustentable que sirvan de referencia para o conxunto do territorio.

f) Reforzar a imaxe exterior e o papel internacional que desempeñan as políticas españolas en materia de parques nacionais, así como as achegas das distintas administracións competentes.

g) Contribuír á concienciación ambiental na sociedade, en colaboración coas institucións e organizacións pertinentes.

Artigo 5. *Funcións da Administración xeral do Estado.*

1. Para o logro dos anteriores obxectivos, compétenlle á Administración xeral do Estado as seguintes funcións:

a) Elaborar o plan director da Rede de Parques Nacionais e as súas revisións, incluíndo as directrices e criterios comúns para a xestión de valores cuxa conservación foi declarada como de interese xeral.

b) Realizar o seguimento e a avaliación xeral da Rede, en particular do cumprimento e grao de alcance dos seus obxectivos, de acordo co procedemento establecido polo Consello da Rede.

c) Desenvolver e financiar o programa específico de actuacións comúns e horizontais da Rede incluído no plan director.

d) Propoñer instrumentos de cooperación para a consecución dos obxectivos de cada un dos parques nacionais e da Rede no seu conxunto.

e) Facilitar a comunicación e o intercambio de experiencias e investigacións entre o colectivo de persoas que traballan na Rede.

f) Contribuír á implicación dos axentes sociais e á participación da sociedade na consecución dos obxectivos da Rede.

g) Promover a aplicación dos mecanismos que establezan as respectivas leis declarativas para a supresión dos usos declarados con carácter básico como incompatibles cos obxectivos da Rede para o Parque Nacional.

h) Promover, no marco dos obxectivos da Rede e baseándose preferentemente en acordos voluntarios, o incremento e consolidación do patrimonio público na Rede de Parques Nacionais.

i) Promover un mellor coñecemento científico en materias relacionadas coa Rede de Parques Nacionais e unha adecuada difusión da información dispoñible.

j) Contribuír, a través da súa liña de subvencións, ao financiamento das iniciativas de fomento do desenvolvemento sustentable que puidesen aprobar as administracións competentes nas áreas de influencia socioeconómica dos parques nacionais.

k) Representar a España, no marco das súas competencias, nas redes internacionais equivalentes, participando nas súas iniciativas, e establecer mecanismos de cooperación internacional que permitan a proxección externa da Rede.

2. Cada tres anos o Ministerio de Medio Ambiente elaborará un informe de situación da Rede de Parques Nacionais que, logo do informe do Consello da Rede, se elevará ao Senado e se fará público. Este informe irá acompañado dun anexo coa situación en cada un dos parques nacionais elaborado pola súa administración xestora.

Artigo 6. *O Consello da Rede.*

1. O Consello da Rede é un órgano colexiado de carácter consultivo, adscrito ao Ministerio de Medio Ambiente.

2. A composición e o funcionamento deste órgano determinaranse regulamentariamente, logo de consulta coas comunidades autónomas implicadas.

3. Formarán parte do Consello a Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas en cuxos territorios estean situados os parques nacionais, unha representación dos municipios incluídos nas áreas de influencia socioeconómica dos parques nacionais, os presidentes dos padroados, unha representación adecuada das asociacións cuxos fins estean vinculados á protección do ambiente e das organizacións agrarias, pesqueiras, empresariais e sindicais, así como das asociacións de propietarios de terreos incluídos nos parques nacionais.

Poderán asistir ás reunións do Consello, con voz pero sen voto, representantes das restantes comunidades autónomas que manifesten o seu interese en que se declare un parque nacional no seu territorio.

4. Correspóndelle ao Consello informar sobre:

a) A proposta de declaración de novos parques nacionais ou de modificación dos xa existentes. Este informe deberá ser previo á tramitación legislativa da proposta.

b) A proposta de revogación da declaración dun parque nacional.

c) O Plan Director da Rede de Parques Nacionais así como as súas revisións.

d) Os proxectos de disposicións estatais que afecten de forma directa os parques nacionais.

e) Os criterios de distribución dos recursos financeiros que se asignen nos orzamentos xerais do Estado para o programa de actuacións de carácter común da Rede de Parques Nacionais.

f) A memoria anual da Rede de Parques Nacionais, antes da súa elevación ao Ministerio de Medio Ambiente para a súa aprobación.

g) Os informes trienais de situación da Rede de Parques Nacionais que o Ministerio de Medio Ambiente debe elevar ao Senado.

h) A proposta de solicitude de distincións internacionais para os parques da Rede de Parques Nacionais.

i) Os plans reitores de uso e xestión dos diferentes parques nacionais, antes da súa aprobación.

j) Cantas outras cuestións de interese xeral para a Rede lle sexan requiridas.

Artigo 7. *Plan Director da Rede de Parques Nacionais.*

1. Como instrumento básico de coordinación para a consecución dos obxectivos da Rede de Parques Nacionais elaborárase un plan director que incluírá, polo menos:

a) Os obxectivos estratéxicos da Rede de Parques Nacionais durante a vixencia do plan director, así como a programación das actuacións que desenvolverá a Rede para alcanzalos.

b) Os obxectivos que se alcanzarán en materia de cooperación e colaboración con outras administracións ou organismos, tanto no ámbito nacional como internacional.

c) As actuacións necesarias para manter a imaxe e a coherencia interna da Rede.

d) As directrices para a planificación e a conservación dos parques nacionais.

e) O programa de actuacións comúns da Rede, e os procedementos para o seu seguimento continuo e avaliación.

f) A determinación dos proxectos de interese xeral que poderán ser obxecto de financiamento estatal.

2. O plan director terá unha vixencia máxima de dez anos. Anualmente o Ministerio de Medio Ambiente incorporará na memoria da Rede un informe sobre o seu cumprimento.

3. O Plan Director da Rede de Parques Nacionais será elaborado polo Ministerio de Medio Ambiente e aprobado por real decreto, logo de informe do Consello da Rede. Para a súa elaboración e revisión seguirase un procedemento con participación pública, no que participarán, polo menos, as comunidades autónomas e os padroados dos parques nacionais, e que será sometido a avaliación ambiental.

TÍTULO III

Os parques nacionais

Artigo 8. *Obxectivo dos parques nacionais.*

A declaración dun parque nacional ten por obxecto conservar a integridade dos seus valores naturais, representativos do sistema natural español polos que foi declarado, así como ordenar o seu uso e desfrute e fomentar o coñecemento dos seus valores sen excluír as persoas os que presentan algún tipo de discapacidade, promover a concienciación e a educación ambiental da sociedade, contribuír ao fomento da investigación científica, ao desenvolvemento sustentable das poboacións e á conservación dos valores culturais e os modos de vida tradicional compatibles coa súa conservación.

Artigo 9. *Requisitos dos parques nacionais.*

1. Os requisitos que debe reunir un espazo para que poida ser declarado como parque nacional son:

a) Será moi representativo, en canto á tipoloxía de especies e características naturais, dalgún ou dalgúns dos sistemas naturais incluídos no anexo desta lei.

b) Contará cunha proporción relevante das especies e comunidades propias do sistema natural que pretenda representar na Rede, ou daquelas máis singulares ou ameazadas en España, así como capacidade territorial e ecolóxica para garantir que estas especies e comunidades, con tamaños de poboacións ecoloxicamente significativos, poidan manter ou alcanzar un estado de conservación favorable.

c) Terá unha superficie continua e non fragmentada suficiente como para permitir a evolución natural sen ou con escasa intervención humana, de forma que se manteñan as súas características físicas e biolóxicas, e se asegure o funcionamento dos procesos naturais presentes. Para estes efectos, a superficie do parque nacional, salvo casos debidamente xustificadas, terá:

Polo menos, 15.000 hectáreas en parques nacionais terrestres ou marítimo-terrestres peninsulares.

Polo menos, 5.000 hectáreas en parques nacionais terrestres ou marítimo-terrestres insulares.

Polo menos, 20.000 hectáreas en parques nacionais en augas mariñas.

d) A superficie do parque nacional caracterizarase pola continuidade territorial, entendida como ausencia de fragmentación da súa superficie e de elementos de estrangulamento territorial, salvo excepcións debidamente xustificadas.

e) Estará ocupado, nunha superficie adecuada, por formacións naturais, sen explotacións extractivas de carácter agrícola, forestal, hidráulico ou mineiro, nin elementos artificiais que alteren significativamente a estética da paisaxe ou o funcionamento dos ecosistemas.

2. Na superficie proposta para incluírse nun parque nacional non pode existir solo susceptible de transformación urbanística nin solo urbanizado.

Artigo 10. *Declaración de parques nacionais.*

1. A declaración de parque nacional, baseada na apreciación do interese xeral do Estado na súa conservación e na súa achega á Rede, farase por Lei das Cortes Xerais. Tal declaración implicará a inclusión do parque na Rede de Parques Nacionais de España. Terán prioridade as propostas que impliquen a inclusión de sistemas naturais non representados na Rede.

2. A declaración como parque nacional dun espazo natural requirirá que previamente fose aprobado un Plan de Ordenación dos Recursos Naturais no cal, como mínimo, se encontre incluído o dito espazo natural e a súa área de protección.

3. A iniciativa para a declaración como parque nacional dun espazo natural correspóndelle ao órgano que determine a comunidade autónoma ou ao Goberno do Estado. En todo caso, a iniciativa formalizarase mediante a aprobación inicial da proposta polas comunidades autónomas en cuxo territorio se encontren situados.

4. A proposta de declaración incluirá:

a) Os obxectivos conservacionistas da Rede que deba cumprir o parque.

b) Os límites xeográficos.

c) A análise científica e técnica do cumprimento dos requisitos establecidos para os parques nacionais.

d) O diagnóstico ecolóxico do estado de conservación dos sistemas naturais incluído na proposta.

e) A análise socioeconómica dos municipios afectados e do seu contexto comarcal ou rexional.

f) A avaliación dos efectos da declaración sobre os usos existentes.

g) Os estudos ambientais e socioeconómicos que permitan estimar as consecuencias da declaración, incluíndo unha análise sobre o grao de aceptación da proposta pola poboación implicada, así como as estimacións sobre a súa repercusión no orzamento das administracións públicas afectadas.

h) A delimitación da zona periférica de protección e o seu réxime xurídico.

i) A delimitación da área de influencia socioeconómica.

j) A identificación das medidas de protección preventiva.

5. A proposta, tras a súa aprobación inicial, será sometida a trámite de información pública por un prazo mínimo de tres meses, incorporándose ao expediente as alegacións presentadas e as respostas a elas.

6. Finalizado o trámite anterior, a proposta será sometida á asemblea lexislativa da comunidade ou comunidades autónomas afectadas e, tras obter o seu acordo favorable, será trasladada ao Ministerio de Medio Ambiente para ser sometida a informe do Consello da Rede de Parques Nacionais e dos ministerios afectados.

7. O informe do Consello da Rede pronunciarase sobre o grao de cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 9 desta lei, sobre o resultado do trámite de información pública e sobre as actuacións de interese xeral que poderían ser obxecto de financiamento estatal.

8. Tras os trámites anteriores, o Goberno remitirá ás Cortes Xerais o proxecto de lei para a súa tramitación.

Artigo 11. *Réxime de protección preventiva.*

1. Sen prexuízo do disposto no Plan de Ordenación dos Recursos Naturais que afecte o espazo natural proposto como parque e a súa área de protección, as medidas de protección preventiva incluídas na proposta entrarán en vigor coa adopción do acordo da aprobación inicial da proposta previamente ao inicio do trámite de información pública a que se refire o artigo anterior, para evitar actos sobre o espazo proposto que poidan chegar a facer imposible ou dificultar de forma importante a consecución dos obxectivos da declaración.

2. O citado réxime de protección preventiva suporá que non se poida outorgar ningunha autorización, licenza ou concesión adicional ás preexistentes que habilite para a modificación da realidade física e biolóxica, sen informe previo favorable da administración ambiental competente. Este informe será negativo cando na autorización, licenza ou concesión solicitada concorran algunhas das circunstancias a que se refire o punto anterior e deberá ser emitido no prazo máximo de 90 días.

En particular non se poderá proceder á clasificación como solo urbano ou susceptible de ser urbanizado, do espazo incluído na proposta.

3. O réxime de protección preventiva será de aplicación ata a entrada en vigor da lei declarativa ou, no seu defecto, por un prazo máximo de cinco anos.

Artigo 12. *Contido mínimo da declaración de parque nacional.*

1. A lei de declaración dun espazo como parque nacional deberá conter polo menos:

a) a denominación do parque,

b) os obxectivos que debe cumprir o parque no conxunto da Rede,

c) o seu ámbito territorial, con descrición dos seus límites xeográficos,

d) as prohibicións e limitacións de todos aqueles usos e actividades que alteren ou poñan en perigo a consecución dos obxectivos do parque no conxunto da Rede, sen prexuízo das indemnizacións que poidesen derivar

respecto dos dereitos e intereses patrimoniais lexítimos, así como o prazo para a súa supresión, se é o caso,

- e) o réxime sancionador específico de aplicación,
- f) o ámbito territorial da súa zona periférica de protección, con descrición dos seus límites xeográficos e do seu réxime xurídico, incluíndo as limitacións necesarias para estes efectos,
- g) a área de influencia socioeconómica.

2. Así mesmo, irá acompañada dunha memoria económica coa previsión dos investimentos e dotacións precisos para alcanzar os estándares necesarios para o cumprimento dos obxectivos da Rede de Parques Nacionais, os cales se determinarán no plan director.

3. No caso de que o ámbito territorial dun parque nacional inclúa máis do 50 por cento do solo non urbanizable dun termo municipal, excluídos neste cómputo as superficies de titularidade autonómica ou estatal, a lei incorporará un programa de medidas específicas para promover o desenvolvemento no dito municipio, especificando o seu financiamento.

Artigo 13. *Efectos xurídicos da declaración de parque nacional.*

O réxime xurídico de protección establecido nas leis declarativas terá carácter prevaecente fronte a calquera outra normativa sectorial. En particular, a declaración leva aparellada:

1. A de utilidade pública ou interese social das actuacións que, para a consecución dos obxectivos da Rede de Parques Nacionais, deban acometer as administracións públicas.

2. A facultade da Administración competente para o exercicio dos dereitos de tanteo e de retracto respecto dos actos ou negocios xurídicos de carácter oneroso e celebrados *inter vivos* que comporten a creación, transmisión, modificación ou extinción de dereitos reais que recaian sobre bens rústicos situados no seu interior, incluídas calquera operación ou negocio en virtude dos cales se adquira a maioría no capital social de sociedades titulares dos dereitos reais citados. Para estes efectos:

a) O transmitente notificaralle de maneira que faga fe á Administración competente o prezo e as condicións esenciais da transmisión pretendida. Dentro dos tres meses seguintes á notificación, esta Administración poderá exercer o dereito de tanteo obrigándose ao pagamento do prezo convindo nun período non superior a dous exercicios económicos.

b) Cando o propósito de transmisión non se notifique de maneira fidedigna, a Administración competente poderá exercer o dereito de retracto, no prazo dun ano a partir da data en que teña coñecemento da transmisión e nos mesmos termos previstos para o de tanteo.

c) Os rexistradores da propiedade e mercantís non inscribirán transmisión ou constitución de dereito ningún sobre os bens referidos sen que se acredite ter cumprido cos requisitos sinalados neste punto.

3. A prohibición:

a) Da pesca deportiva e recreativa e a caza deportiva e comercial, así como a corta con fins comerciais. No caso de existiren estas actividades no momento da declaración, as administracións competentes adoptarán as medidas precisas para a súa eliminación, dentro do prazo que para tal efecto establecerá a lei declarativa.

A administración xestora do parque nacional poderá programar e organizar actividades de control de poboacións e de restauración de hábitats, de acordo cos obxectivos e determinacións do plan director e do plan reitor de uso e xestión.

b) Dos aproveitamentos hidroeléctricos e mineiros, vías de comunicación, redes enerxéticas e outras infraestruturas, agás en circunstancias excepcionais debidamente xustificadas por razóns de protección ambiental e interese social, e sempre que non exista outra solución satisfactoria. No caso de que estas actividades ou instalacións, agás as mineiras, estean presentes no momento da declaración e non sexa posible a súa supresión, as administracións competentes adoptarán as medidas precisas para a corrección dos seus efectos, dentro do prazo que para tal efecto establecerá a lei declarativa.

c) Das explotacións de recursos naturais ou agrarios distintas das indicadas na alínea a) deste artigo, salvo aquelas que son compatibles co logro dos obxectivos do parque, se apoian en dereitos consolidados e constitúen unha achega recoñecida de valores culturais ou ecolóxicos que non alteren os procesos naturais. No caso de existiren actividades non exceptuadas no momento da declaración, as administracións competentes adoptarán as medidas precisas para a súa eliminación, dentro do prazo que estableza a lei declarativa.

d) Do sobrevoo a menos de 3.000 metros de altura, salvo autorización expresa ou por causa de forza maior.

4. Na aplicación das medidas a que se refire o punto anterior daráselle preferencia aos acordos voluntarios para a adquisición dos dereitos afectados.

5. O solo obxecto da declaración de parque nacional non poderá ser susceptible de urbanización nin edificación, sen prexuízo do que determine o plan reitor de uso e xestión en canto ás instalacións precisas para garantir a súa xestión e contribuír ao mellor cumprimento dos obxectivos do parque nacional.

6. Os plans hidrolóxicos de demarcación e as administracións competentes en materia hidráulica asegurarán os recursos hídricos adecuados en cantidade e calidade para o mantemento dos valores e o logro dos obxectivos da Rede de Parques Nacionais.

Artigo 14. *Procedemento de modificación dos límites dos parques nacionais.*

1. A modificación dos límites dun parque nacional tramitarase conforme o procedemento previsto para a declaración, ou de acordo co que se estableza especificamente na súa lei declarativa.

2. Excepcionalmente, por acordo do Consello de Ministros, por proposta do Ministerio de Medio Ambiente ou por iniciativa da comunidade autónoma correspondente, poderán incorporarse a un parque nacional terreos estremeros a el, de similares características ou cuxos valores resulten complementarios cos daquel, cando conorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que sexan de titularidade do Estado ou das comunidades autónomas.

b) Que sexan incorporados ao patrimonio público para o mellor cumprimento dos fins desta lei.

c) Que sexan achegados polos seus propietarios para o logro dos ditos fins.

A proposta será sometida a trámite de información pública por un prazo mínimo de dous meses, incorporándose ao expediente as alegacións presentadas. Antes de ser presentada ao Consello de Ministros, a proposta será sometida a informe do Consello da Rede de Parques Nacionais.

Artigo 15. *Perda da condición de parque nacional.*

1. A perda da condición de parque nacional efectuarase por lei das Cortes Xerais, por proposta do Goberno do Estado, logo de audiencia do órgano que determinen as comunidades autónomas afectadas, información

pública durante un período de tres meses e informe favorable do Consello da Rede de Parques Nacionais.

2. A perda da condición de parque nacional só se poderá fundamentar no grave e reiterado incumprimento dos requisitos establecidos para os parques nacionais nos artigos 9 e 13.

3. Tras a perda da condición de parque nacional, seguirán en vigor os instrumentos de planificación e xestión do espazo natural ata que a administración competente proceda á súa substitución, modificación ou adecuación á nova situación xurídica do espazo natural.

Artigo 16. *Xestión dos parques nacionais.*

1. A xestión e organización dos parques nacionais correspóndelles directamente ás comunidades autónomas en cuxos territorios estean situados.

2. Corresponderalle á Administración xeral do Estado a xestión dos parques nacionais declarados sobre augas mariñas baixo soberanía ou xurisdición nacional, cando o ecosistema protexido careza de continuidade ecolóxica coa parte terrestre ou a zona marítimo-terrestre situadas na Comunidade Autónoma.

3. Nos casos en que un parque nacional se estenda polo territorio de dúas ou máis comunidades autónomas, co obxecto de lograr os obxectivos da Rede de Parques Nacionais, estas establecerán de común acordo as fórmulas de colaboración necesarias para asegurar a aplicación do principio de xestión integrada.

Artigo 17. *Plans reitores de uso e xestión.*

1. En cada un dos parques nacionais as administracións competentes elaborarán e aprobarán un plan reitor de uso e xestión, que será o instrumento básico de planificación.

2. Os plans reitores de uso e xestión axustaranse ao Plan Director da Rede de Parques Nacionais e conterán, polo menos:

- a) As normas, obxectivos, liñas de actuación, e criterios xerais de uso e ordenación do parque.
- b) A zonificación do parque, delimitando as áreas dos diferentes usos e establecendo a normativa de aplicación en cada unha delas, de acordo cos tipos de zonas que se establezan no plan director.
- c) As actuacións precisas para a consecución dos obxectivos do parque en materias tales como conservación, uso público, investigación e educación ambiental, e a estimación económica dos seus custos.
- d) A relación das actividades incompatibles cos obxectivos do parque.
- e) As condicións baixo as cales se poden desenvolver as actividades compatibles cos obxectivos do parque.
- f) Os criterios para a supresión das formacións vexetais exóticas presentes no interior do parque nacional, así como para o control das especies invasoras.

3. O procedemento de elaboración dos plans reitores de uso e xestión incluírá necesariamente trámites de audiencia aos interesados, información pública e consulta ás administracións públicas afectadas, así como os informes previos do Consello da Rede de Parques Nacionais e do Padroado.

4. No suposto de parques nacionais en augas mariñas exteriores, o réxime de protección dos recursos pesqueiros, así como as posibles limitacións ou prohibicións da actividade pesqueira, serán reguladas polo Goberno, por proposta conxunta do Ministerio de Medio Ambiente e do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Artigo 18. *Padroados.*

1. O padroado é o órgano de participación da sociedade nos parques nacionais. Constituirase un padroado en cada un deles, no cal estarán representados, polo menos, a Administración xeral do Estado, a Administración da ou das comunidades autónomas e as administracións locais, os axentes sociais da zona, así como aquelas institucións, asociacións e organizacións relacionadas co parque, ou cuxos fins concorden cos obxectivos desta lei.

2. Os padroados dos parques nacionais estarán adscritos, para efectos administrativos, á comunidade autónoma onde estea situado o parque nacional. No caso de parques nacionais situados en varias comunidades autónomas, estas establecerán de común acordo a adscrición do padroado. No caso de parques nacionais de competencia estatal estarán adscritos á Administración xeral do Estado.

3. A composición de cada padroado, o seu réxime interno de funcionamento, e o nomeamento do seu presidente serán competencia da Administración á cal estea adscrito. O director-conservador do parque formará parte do padroado.

4. Independentemente doutras funcións que lle poidan ser atribuídas polas administracións de que dependen, son funcións dos padroados:

- a) Coñecer o cumprimento das normas que afecten o parque nacional.
- b) Promover cantas xestións considere oportunas a favor do espazo protexido.
- c) Emitir informe sobre o plan reitor de uso e xestión e as súas modificacións, así como sobre os plans de traballo e investimentos, ou calquera desenvolvemento sectorial derivado del.
- d) Aprobar a memoria anual de actividades e resultados, propondo as medidas que considere necesarias para corrixir disfuncións ou mellorar a xestión.
- e) Emitir informe sobre a programación anual de actividades.
- f) Emitir informe sobre os proxectos e propostas de obras e traballos que se pretendan realizar no parque nacional, e non estean contidos nos plans de traballo e investimentos.
- g) Emitir informe sobre as solicitudes presentadas ás convocatorias de subvencións financiadas con cargo aos orzamentos xerais do Estado, a realizar na área de influencia socioeconómica.
- h) Emitir informe sobre aqueles proxectos desenvolvidos no contorno do parque nacional que se prevea que poidan ter impacto significativo ou afectar os seus valores naturais.
- i) Emitir informe sobre posibles ampliacións do parque nacional.
- j) Propoñer normas e actuacións para a máis eficaz defensa dos valores do parque nacional.
- k) Establecer o seu propio regulamento de réxime interior.

Artigo 19. *Desenvolvemento sustentable nas áreas de influencia socioeconómica.*

1. Coa finalidade de promover o seu desenvolvemento sustentable, as administracións públicas, dentro do seu ámbito competencial e conforme as disponibilidades orzamentarias, poderán conceder axudas técnicas, económicas e financeiras nas áreas de influencia socioeconómica dos parques nacionais.

2. As administracións públicas poderán establecer de forma coordinada plans de desenvolvemento sustentable, podendo constituir para iso os correspondentes consorcios e subscribir convenios de colaboración co resto de administracións, institucións, e colectivos implicados. Igualmente poderán pór en marcha programas piloto de activación eco-

nómica sustentable con efecto social demostrativo en toda a Rede de Parques Nacionais.

3. A Administración xeral do Estado desenvolverá, co fin de valorar a posteriori os efectos das accións que financie con cargo aos orzamentos xerais do Estado, un mecanismo de avaliación dos resultados obtidos, coa información dispoñible e coa que lle proporcionen as comunidades autónomas.

Artigo 20. *Financiamento e cooperación.*

1. A Administración competente na xestión de cada parque nacional habilitará os créditos necesarios para a súa xestión ordinaria, asegurando o cumprimento dos obxectivos establecidos nas súas respectivas leis declarativas e instrumentos de planificación.

2. A Administración xeral do Estado habilitará os créditos necesarios para o desempeño das funcións establecidas no artigo 5, incluíndo, en todo caso, os créditos necesarios para o financiamento íntegro dos programas de actuacións comúns e horizontais da Rede. Igualmente sufragará os gastos correspondentes ao funcionamento do Consello da Rede.

3. Con independencia do anterior, a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas poderán acordar, no marco do Consello da Rede, instrumentos de cooperación financeira para asegurar o cumprimento dos obxectivos desta lei e a aplicación das directrices básicas que se establezan no plan director.

4. Poderán acordar, igualmente, a posta en marcha de programas multilaterais de actuación nos cales, respectando en todo caso o principio de voluntariedade e sobre a base da aplicación de criterios de prioridade aprobados polo propio Consello, a Administración xeral do Estado asuma o financiamento daquelas actuacións singulares e extraordinarias que de común acordo se identifiquen.

Artigo 21. *Acceso á información e participación pública.*

1. En materia de acceso á información relativa aos parques nacionais, será de aplicación o réxime previsto na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

2. Na elaboración dos instrumentos de planificación dos parques nacionais, asegurárase a transparencia e a participación pública e as decisións adoptaranse a partir de diferentes alternativas adecuadamente valoradas, tendo en conta os obxectivos desta lei.

Artigo 22. *Acción pública.*

Será pública a acción para exixir ante os órganos administrativos e os xudiciais a observancia do establecido nesta lei e nas disposicións que se diten para o seu desenvolvemento e aplicación.

Artigo 23. *Infraccións e sancións.*

O réxime sancionador aplicable aos parques nacionais será o establecido no título VI da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres. Ademais, as leis declarativas dos parques nacionais poderán establecer un réxime sancionador específico para cada un deles.

Disposición adicional primeira. *Integración na Rede de Parques Nacionais.*

Os parques nacionais declarados antes da entrada en vigor desta lei quedan integrados na Rede de Parques Nacionais.

Disposición adicional segunda. *Autorización para a creación da Axencia Estatal Rede de Parques Nacionais.*

1. Autorízase o Goberno para a creación da Axencia Estatal Rede de Parques Nacionais, adscrita ao Ministerio de Medio Ambiente, cuxo obxecto é exercer as competencias que nesta lei se lle atribúen á Administración xeral do Estado e, en particular, a coordinación da Rede de Parques Nacionais, coa finalidade de asegurar un marco adecuado para a conservación dos sistemas naturais máis representativos, colaborar no cumprimento dos obxectivos dos parques nacionais e alcanzar sinerxías nas accións promovidas no marco da Rede polas diferentes administracións públicas.

2. Ata que se proceda á súa creación, as competencias a que se refire o punto anterior serán exercidas polo organismo autónomo Parques Nacionais coa súa actual configuración e regulación.

Disposición adicional terceira. *Prórroga da vixencia do Plan Director da Rede de Parques Nacionais.*

O Plan Director da Rede de Parques Nacionais, aprobado polo Real decreto 1803/1999, do 27 de novembro, prorrogará a súa vixencia ata a aprobación polo Goberno dun novo plan director.

Disposición adicional cuarta. *Procedementos de declaración e perda da condición dos parques nacionais sobre augas mariñas de competencia estatal.*

Na declaración e perda da condición dos parques nacionais sobre augas mariñas de competencia da Administración xeral do Estado, o acordo de aprobación inicial da proposta corresponderá ao Goberno da Nación, e o requisito de acordo favorable da Asemblea Lexislativa substituirase por un informe preceptivo das comunidades autónomas cuxa actividade poida afectar a protección do espazo natural.

Disposición adicional quinta. *Pagamento de indemnizacións.*

As administracións públicas asumirán o pagamento das indemnizacións polas limitacións nos bens e dereitos patrimoniais lexítimos, establecidas nos parques nacionais. Corresponderalle á Administración xeral do Estado o pagamento daquelas que deriven da lexislación básica en materia e do Plan Director da Rede de Parques Nacionais. Corresponderalles ás comunidades autónomas o pagamento das indemnizacións polas limitacións restantes.

Disposición transitoria única. *Aplicación provisional da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres.*

Ata o momento en que as comunidades autónomas asuman a xestión dos parques nacionais existentes, estes espazos seguiranse rexendo pola normativa anterior que lles sexa de aplicación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogados os artigos 19.3, 19.4, 22, 22 bis, 22 ter, 22 quáter, 23, 23 bis, 23 ter, 23 quáter, as disposicións adicionais primeira e novena, así como o anexo I da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres; as disposicións adicionais primeira, segunda, terceira, cuarta, quinta, sexta e sétima, así como a disposición derradeira segunda da Lei 41/1997, do 5 de novembro; e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

1. Esta lei, que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.23.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de lexislación básica de protección do ambiente, ten carácter básico, excepto a disposición adicional segunda, e sen prexuízo do disposto no punto seguinte.

2. Teñen así mesmo carácter básico, ao abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, os artigos 5.1.j) 12.3 e 19.

Disposición derradeira segunda. *Adecuación dos parques nacionais existentes a esta lei.*

As administracións públicas adoptarán, nun prazo máximo de dez anos a partir da aprobación desta lei, as medidas precisas para adecuar a situación dos parques nacionais xa declarados á entrada en vigor desta lei ás determinacións contidas nos seus artigos 9 e 13, coa excepción do relativo ás superficies mínimas establecidas no artigo 9.1.c) as administracións públicas promoverán a celebración de acordos voluntarios nos casos en que a adecuación afecte dereito de terceiros.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

O Goberno, no ámbito das súas competencias, ditará cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución do previsto nesta lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 3 de abril de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

ANEXO

SISTEMAS NATURAIS ESPAÑOIS

1. Sistemas naturais terrestres españois que se representarán na Rede de Parques Nacionais

Matos supraforestais, pasteiros de alta montaña, estepas leñosas de altura e cascalleiras.

Formas de relevo e elementos xeolóxicos singulares do macizo Ibérico e as cordilleiras alpinas.

Formacións e relevos singulares de montaña e alta montaña.

Sistemas naturais singulares de orixe glaciaria e periglaciaria.

Sistemas naturais singulares de orixe kárstica.

Bosques mixtos atlánticos do piso colino ou montano.

Carballeiras, faiais e bidueirais.

Caxigueiras e bosques de cerquiños.

Acíñeirais, carrascais, sobreirais e oliveirais bravos.

Bosques de abetos e pinsapais.

Piñeirais, sabinais e cimbrais.

Garrigas xerófilas mediterráneas.

Estepares mediterráneos, espartais e albardinais.

Sistemas e formacións asociadas ás bacías terciarias continentais e mariñas.

Zonas desérticas costeiras e de interior.

Bosque de laurisilva.

Monte verde de faial-uceira.

Tabaibais-cardonais e outras formacións termomacaronésias.

Cursos de auga e bosques de ribeira.

Canóns fluviais sobre relevos estruturais.

Depósitos e formas con modelaxe singular de orixe fluvial e eólica.

Costas, acantilados, dunas e depósitos litorais.

Zonas húmidas e lagoas de alta montaña.

Lagoas halófilas, salgais e xeseiras.

Lagoas de auga doce, carrizais, espadanaís e xunqueiras, e herbeiras de «tabla» con encharcamento temporal.

Zonas húmidas costeiras e marismas litorais.

Sistemas naturais singulares de orixe volcánica.

2. Sistemas naturais mariños españois que se representarán na Rede de parques nacionais

Sistemas asociados a emanacións gasosas submarinas.

Fondos detríticos e sedimentarios.

Bancos de corais profundos.

Fondos de Máerl.

Comunidades coralíneas.

Pradarías de fanerógamas mariñas.

Áreas peláxicas de paso, reprodución ou presenza habitual de cetáceos ou grandes peixes migradores.

Grandes montañas, covas, túneles e canóns submarinos.

Comunidades singulares de grandes filtradores: esponxas, ascidias e briozoos.

Comunidades de algas fotófilas ou laminariais.

Comunidades de substrato duro con poboamentos algares fotófilos ou esciáfilos.

Beirís e escarpas de pendente pronunciada.

Baixos rochosos.

MINISTERIO DE FOMENTO

7114 *REAL DECRETO 394/2007, do 31 de marzo, sobre medidas aplicables aos buques en tránsito que realicen descargas contaminantes en augas marítimas españolas. («BOE» 81, do 4-4-2007.)*

O Parlamento Europeo e o Consello aprobaron o 7 de setembro de 2005 a Directiva 2005/35/CE, relativa á contaminación procedente de buques e á introdución de sancións para facer fronte ás infraccións, cuxa finalidade principal radica na implantación dun abano de infraccións e sancións penais e administrativas, así como dun sistema de medidas coercitivas de policía administrativa que resulten eficaces, disuasorias e proporcionadas.

Isto fundaméntase na constatación do feito de que, tanto o réxime internacional que regula a responsabilidade civil e as indemnizacións por danos debidos á contaminación por hidrocarburos como o que regula a contaminación por outro tipo de substancias prexudiciais, non son suficientemente disuasorias para inducir os axentes involucrados no transporte marítimo destas substancias a pór fin a prácticas contrarias aos convenios internacionais sobre a materia.